

Situar no día

Pola mañá Ao mediodía Pola tarde Pola noite

- **Pola mañá** vou á universidade e **pola tarde** traballo.

Expresar a secuencia das accións

Primeiro, ...

Despois, ...

Logo, ...

- *Eu, **primeiro**, vou ao baño e **despois** dúchome... **Logo**, vístome...*

Expresar a frecuencia

Todos os días / **Todos os** sábados / **Todos os** meses...

Todas as tardes / **Todas as** semanas...

Unha vez á semana / **Unha vez ao mes**...

Dúas veces á semana / **Dúas veces ao mes**...

Os venres / **Os sábados** / **Os domingos**...

Normalmente

A miúdo

Ás veces

De cando en vez

(Case) sempre

(Case) nunca

- *Eu vou ao ximnasio **tres veces á semana**, como mínimo.*
- *Pois eu non vou **case nunca**.*

Máis verbos en presente

Irregulares

POÑER

poño

pos

pon

poñemos

poñedes

poñen

TRAER

traio

traes

trae

traemos

traedes

traen

DURMIR

durmo

dormes

dorme

durmimos

durmides

dormen

SAÍR

saio

saes

sae

saímos

saídes

saen

Reflexivos

ERGUERSE

érgome

érgueste

érguese

erguémonos

erguédesvos

érguense

DUCHARSE

dúchome

dúchaste

dúchase

duchámonos

duchádesvos

dúchanse

DEITARSE

déitome

déitaste

déitase

deitámonos

deitádesvos

déitanse

AS HORAS

- 🕒 Son as.....en punto: 12:00.
- 🕒 Son as.....e cuarto: 12:15.
- 🕒 Son as.....e media: 12:30.
- 🕒 Son as.....menos cuarto: 12:45.

Son as.....e cinco/dez/vinte/vinte e cinco

Son as.....menos vinte e cinco/vinte/dez/cinco

AGÁS: É a **unha** e cuarto/e cinco/menos dez...

Agora describe un día cotián na túa vida:

Exemplo: Érgome ás oito en punto. Vou traballar ás nove e media. Xanto ás dúas e media.

Durmo a sesta ás tres e cuarto. Ceo ás nove en punto e déitome ás doce menos cuarto.



2. A. Aquí tes seis reloxo de agulla e seis reloxo dixitais.

Emparéllaos coa hora correspondente.

De agulla:

Son as doce en punto

Son as once e media

Pasan vinte minutos das oito

É a unha e cuarto

Faltan cinco minutos para as dúas

Son as dez menos vinte



Dixitais:

Son as once e trinta

Son as oito e vinte

Son as nove e corenta

Son as doce

É a unha e quince

É a unha e cincuenta e cinco



4. A QUE HORA ABRE...? QUE HORARIO TEN...? A QUE HORA PECHA...?

A. Fíxate nas seguintes construcións.

a. —Que horario ten a librería Andel?

—A librería abre **dende** as dez **ata** as dúas da tarde e **dende** as catro **ata** as oito do serán.

—A librería pecha ao mediodía, **entre** as dúas e as catro.

b. —A que hora pecha o museo?

—Ás nove en punto!

B. Agora relaciona as imaxes da dereita coas indicacións da esquerda.

A cafetería abre **dende** as oito da mañá **ata** as dez da noite.

O pub abre dende as once da noite ata as catro da madrugada.

O comedor pecha entre as catro e as oito da tarde.

A oficina de correos pecha entre as dúas e as tres e media da tarde.

A panadaría pecha ás nove da noite.

A farmacia está aberta as vinte e catro horas.

00:00-24:00

13:00-16:00

20:00-24:00

8:30-14:00

15:30-19:00

08:00-22:00

9:00-14:00

16:00-21:00

23:00-04:00

Ben falado. Completa coa información do vídeo <https://youtu.be/oZd3sBvbxFO>

- Os nomes dos meses teñen o seu _____
- Os romanos empezaban o ano en _____
- Os nomes dos outros seis meses son iguais noutras _____
- Case toda Europa conserva o nome _____ dos meses.
- Estes figos que maduran no mes de _____ chamámoslles figos migueliños.